



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE APOIO AO SERVIZO DE USO MÚLTIPLES DO CONCELLO DE FRIOL PARA FACER FRONTE A DIVERSAS NECESIDADES MUNICIPAIS. -

ANUNCIO

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria e as resolucións posteriores, o órgano de selección o 14 de novembro, procedeu á realización e calificación da proba tipo test. As puntuacións obtidas, publicáronse seguidamente mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. No anuncio referíase a que nos vindeiros días procederíase á convocatoria para a celebración da segunda proba.

A solicitude do interesado, procedeuse á revisión do exercicio de Don Antonio García Agrelo, xa que estimaba que non foi calificado correctamente. Polo órgano de selección, unha vez realizadas as comprobacións oportunas, advertiuse erro na calificación, polo que debe procederse á rectificación do mesmo.

Nas bases establécese que a segunda das probas, de carácter obrigatorio e eliminatorio, será de carácter práctico, relacionada coas tarefas e cometidos a desenvolver e servirá para coñecer a aplicación dos coñecementos, habilidades e destrezas dos/as aspirantes para a realización dos cometidos que lle corresponden. Poderá consistir ben na realización, ou ben na simulación dalgúns supostos que poidan darse no desempeño dos postos que se convocan, respondendo a unha serie de preguntas cortas sobre as mesmas. Con anterioridade á realización da proba tipo test, o pasado 14 de novembro, procedeuse ao sorteo da orde de actuación, para o caso de que sexa preciso para a realización das seguintes probas, que se realizará por orde alfabética, determinando que a celebración das probas iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comence pola letra "O", e seguirán sucesivamente.

Polo tanto, en orde á continuación do proceso selectivo e de conformidade co disposto nas bases, polo órgano de selección **ACORDOUSE**:

- A modificación da puntuación outorgada a Don Antonio García Agrelo, por erro na corrección do exercicio tipo test. Unha vez revisado o exercicio, correspóndelle a puntuación de 5,00 puntos, polo que superou a mesma, continuando no proceso selectivo.
- Proceder á convocatoria en chamamento único, para a realización da segunda das probas, de carácter práctico, para o vindeiro martes día 25 de novembro do actual, ás 10:00 horas, no recinto do Mercado Gandeiro Municipal. A realización das probas, por orde alfabética, iniciárase polos/as aspirantes que superaron a mesma, cuxo primeiro apelido comence pola letra "O", e así sucesivamente.

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, publicarase anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Friol a 20 de novembro de 2014.

O PRESIDENTE.